



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Bueu. Parroquias: San Martiño de Bueu na metade occidental e Santiago de Ermelo na oriental. Extensión: 3,04km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Esta unidade de cabeceira se modela en vertente dende a cima do Monte Ermelo, a algo máis de 400m de altitude, ata a unión do Rego do Frade e o Barranco Canudo a uns 140m de altitude. O desnivel é, por iso, importante, pero se mantén bastante homoxéneo e sen valores extremos, non superando o 50%. As vertentes presentan un perfil ondulado pouco dentado e as canles non presentan un encaixamento especial. Máis que unha unidade articulada pola rede fluvial trátase dun área de vertente de serra costeira.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Existe un dominio total das rocas plutónicas, das rocas ígneas. Practicamente toda a unidade se modela nun granitoide de afinidade calcoalcalina, en concreto unha granodiorita con megacristais de feldespato. No extremo occidental (nas zonas de Meiro e Fondiaga) da unidade aparecen algúns enclaves de granito e granodiorita biotíticos, tamén de afinidade calcoalcalina, ademais dunha pequena área (na Portela) de granito de feldespato alcalino, polo tanto, de afinidade alcalina.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Os Montes Paralaia e Ermelo actúan de barreira orográfica fronte ás masas húmidas oceánicas, o que explica as elevadas precipitacións rexistradas ao longo do ano, situándose os valores medios acumulados entre 1400mm e 1800mm. As temperaturas medias son suaves, e non baixan de 14°C (oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C) manifestando unha clara influencia oceánica. Por iso o dominio climático é Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

A natureza montañosa da unidade permite diferenciar a característica secuencia topográfica de chans desde as terras de fondo de val ás cabeceiras. Así, nos terreos de menor pendente e fondos de val (sobre todo na metade occidental da unidade) localízanse os chans algo máis desenvolvidos, con certo espesor nos seus horizontes, fundamentalmente do tipo umbrisol dístico. Nas ladeiras, co incremento da pendente os chans fanse cada vez menos profundos, experimentan procesos erosivos e en consecuencia presentan perfís pouco evolucionados, sendo os regosoles e leptosoles líticos os tipos máis característicos, especialmente nos montes Ermelo e Paralaia.


AS AUGAS

A maior parte do sistema de augas continentais dispónse ao redor do Río de Frade, que debuxa un trazado semicircular entre o seu curso baixo, na unidade litoral de Cabo Udra, e a súa cabeceira ao redor dos montes Ermelo e Paralaia.

O PATRIMONIO NATURAL

Trátase dunha unidade intensamente transformada polo cultivo do eucalipto. Extensos eucaliptais cobren gran parte do espazo da unidade. Por encima, os bosques autóctonos próximos ás aldeas desapareceron e o abandono das prácticas agrícolas, noutros lugares xa evolucionado, non adquire aquí gran importancia, polo que non existen masas de recolonización subrayables. Só o Rego do Frade, no seu transcurso polo norte da unidade, contén masas ripícolas de interese (91E0, ?Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A presente unidade está asociada aos usos forestais e agrícolas. En gran parte dos montes de Ermelo hai un predominio do uso forestal debido á presenza de extensos eucaliptais. Doutra banda, as ladeiras este e oeste están ocupadas por asentamentos dispersos e pequenos núcleos tradicionais intercalados por parcelas de cultivo.

MORFOLOXÍA

Os dous asentamentos de Meira e Ermelo caracterízanse por mesturar asentamentos tradicionais con novas construcións de uso residencial sen unha estrutura ordenada nin planificada. O núcleo fundacional de Meira, debido á extensión da súa periferia e á aparición de novas construcións apoiadas nas vías de comunicación perderon parte da súa estrutura tradicional.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación presente na unidade é a estrada comarcal EP-1305, que bordea os Montes de Ermelo para conectar os núcleos de Meira e Ermelo,

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade atópanse varios elementos patrimoniais de interese. Destacar o conxunto parroquial da Igrexa e cemiterio de Ermelo, Dentro do patrimonio arqueolóxico a Mámoa de Paralaia. Os achados illados de a Esculca, Pegada de Boi na parroquia de Santa María de Cela, así como A Pedra son testemuñas de asentamentos primitivos na zona, por último a existencia da Calzada de Urea.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter predominante da unidade é o forestal, aínda que o territorio presenta tamén unha estrutura agraria moi parcelada, que contribuíu decisivamente á aparición de novas construcións rústicas como consecuencia da presión do próximo núcleo mariñeiro de Bueu.

DINÁMICA DA PAISAXE

Na unidade Altos de Ermelo conséntase un aumento da superficie forestal, acompañado dunha diminución de actividades vinculadas ao sector agrario como consecuencia do aumento do abandono das parcelas agrícolas. Tamén se aprecia unha ampliación dos núcleos tradicionais sen unha ordenación lexible.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta paisaxe forestal non ten un especial valor ambiental e paisaxístico e non está incluído en ningunha figura de protección. Con todo cabe destacar a presenza do Rego do Frade, no seu transcurso polo norte da unidade, que contén masas ripícolas de interese. Un punto de observación interesante nesta unidade encóntrase no alto do Monte Ermelo. Recordar que tanto esta unidade como as súas unidades próximas pódense observar dende o Concello de Vilaboa no mirador de Cotorredondo.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non se contemplan áreas de requalificación na presente unidade de paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



